



Nós Seis

JULIA LAGO

ESTA OBRA OBTIVO O PREMIO "CASTELAO"
DE BANDA DESEÑADA, DA DEPUTACIÓN DA
CORUÑA NA CONVOCATORIA DE 2021, NA
MODALIDADE XERAL


O XURADO ESTIVO COMPOSTO POR:
PRESIDENTE: XURXO COUTO RODRÍGUEZ
VOGAIS: JOSÉ "PIŌ" BARREIRO GARCÍA,
BEGOÑA GARCÍA-ALÉN GONZÁLEZ,
ANDRÉS MAGÁN ZAMORANO, MANUEL
PENA VILLAR E MATILDE RODRÍGUEZ
DOMÍNGUEZ

SECRETARIA: MERCEDES FERNÁNDEZ-
ALBALAT RUIZ

A Merchi,
a miña mestra de aventuras



Nós Seis



MERCEDEEEES!



EU ERA FILLA ÚNICA



ESTABA BEN ATENDIDA



A MIÑA NAI ERA MODISTA. TIÑA 14
MOZAS CONTRATADAS NO SEU
TALLER.




O MEU PAI ERA DIRECTOR DE
PRODUÇÃO DA FÁBRICA DE
LAPIS.




NA RUA MAGDALENA, EN FERROL.




CORRIA O ANO 1944



ERA UNHA NENA ESTUDOSA.
GUSTÁBAME APRENDER E COMBINABA XEITOSAMENTE A ESCOLA E
O TEMPO LIBRE.



PERO DE SÚPETO AS COUSAS COMEZAN A TORCERSE, PERDO O
INTERESE NAS CLASES...



...E DESCUBRO A VIDA FÓRA DA ESCOLA.

NUNCA DIXEN NADA NA CASA, E CANDO REMATOU O CURSO
XA ERA TARDE. A MIÑA NAI ESTABA EMBARAZADA E NON
TIÑA OCO PARA UN PROBLEMA MÁIS.

O PRÓXIMO CURSO
ESTUDARÁS INTERNA
EN VALLADOLID



E ASSÍ FOI; A ÚLTIMA SEMANA DE AGOSTO ESTABA LISTA PARA COLLER O TREN.




CARTILLA DE
RACIONAMENTO



ANTES DA PRIMEIRA VIAJE ESTABA ATERRADA...
VEU COMIGO O MEU PAI, AÍNDÁ QUE EU ME SENTÍA
TRAIZOADA POR EL.
OCUPABAMOS MEDIA ESTACIÓN PORQUE TIÑA QUE
LEVAR TODO COMIGO; NESE MOMENTO O MERCADO
ERA MOI LIMITADO E ERA DIFÍCIL CONSEGUIR
CALQUER COUSA.



COLCHÓN
DE LÁ

UNIFORME, ROUPA
BÁSICOS DE DE CAMA
HIXIENE







DEPOIS FACEMOS A CAMA, PEITEÁMONOS, IMOS AO BAÑO E ALMOZAMOS. DURANTE O ALMOZZO FANSE LECTURAS DO KEMPIS *




* UNHA OBRA DE DEVOCIÓN CRISTIÁ REDACTADA PARA A VIDA ESPIRITUAL

DE 8 A 9 É HORA DE ESTUDO



E ÀS 9 COMEZAN AS CLASES



PRIMEIRO ENTRAN AS EXTERNAS.

AS INTERNAS NON PODEMOS FALAR CON ELAS

PARA NON RECIBIR ESTÍMULOS DO EXTERIOR.

DEPOIS ENTRAMOS NÓS E ATA AS 13:30, QUE É O XANTAR.

DURANTE O DIA
SÓ PODEMOS FALAR DUAS HORAS:
UNHA DESPOIS DO XANTAR E OUTRA
DESPOIS DE CEAR

PERO NON TE PREOCUPES,
ATOPAREMOS COMO
DIVERTIRNOS!



A PRIMEIRA NOITE CASE
NON DURMÍN... SENTÍAME EXILIADA



AGARDÁBAME UNHA VIDA MOI
DIFERENTE Á QUE EU COÑECÍA FÓRA DE ALÍ

O QUE PEOR LEVEI AO PRINCIPIO FORON AS NORMAS DE HIXIENE:


BAÑARSE UNHA VEZ
AO TRIMESTRE VESTIDAS CON
CAMISÓN PARA NON
VERSE O CORPO



O CAMISÓN ERA UNHA MOLESTIA,
ASÍ QUE NÓS MOLLÁBAMOLO
DEPOIS




A FRANXA DO DÍA PARA O
ASEO: 15 MINUTOS ANTES
DE IR ALMOZAR.



(FORMÁBANSE UNHAS
COLAS HORRIBLES)

COA REGRA NON HABÍA
EXCEPCIÓN, E O ÚNICO DO QUE
DISPOÑIAMOS ERAN PANOS DE
FELPA



(TODO O DÍA CO MESMO)

OS DOMINGOS TOCABA
LAVAR OS PÉS (E SÓ OS PÉS)



PERO ÁS AGACHADAS
LAVABAMOS AS CABEZAS



UNHA COLA BEN TIRANTE
DISIMULABA O MOLLADO

A NOVA VIDA ERA TOTALMENTE ANORMAL PARA UNHA NENA...




UNHA VIDA DE ESTUDO E PEQUE, SEMPRE EN SILENCIO.



PERO COMO ERA MÁIS DOADO ESTUDAR QUE DISTRAERSE...



...COMECEI A RECUPERAR O MEU GUSTO POLO SABER.



POR SORTE OU POR DESGRAZA, ESTUDAR ALÍ ERA TODO UN LUXO. TODAS AS PROFES ERAN LICENCIADAS (E MONXAS). E OS LIBROS QUE USABAMOS ERAN UNHA PRECIOSIDADE, SOBRE TODO OS DE INGLÊS E FRANCÊS.



ADEMÁIS DA LINGUA, COÑECIAMOS A CULTURA DO PAÍS.

MARINA MATOS, A DE LITERATURA, FACÍA AS CLASES MÁIS AMENAS:



O DÍA QUE ESTUDABAMOS O
ESPÍRITO ROMÁNTICO ERA
TODO FANTASÍA...



CO CLASICISMO DE CALDERÓN
DE LA BARCA POÑIAMONOS UNHA
LECHUGUILLA NO PESCOZO



ERA UNHA PROFE BOÍSIMA E MOI
CARIÑOSA. DEBÍAN DE BOTALA
MOITO DE MENOS NA CASA.



O PAI DESTA MONXA TIÑA UNHA
PEQUENA FARMACIA PRÓXIMA
AO CONVENTO.



CADA DÍA AO REMATAR O TRABALLO
ÍA PASEAR POLA CONTORNA DO
CONVENTO.



E ESE ERA TODO O CONTACTO
QUE TIÑA O PAI COA SÚA FILLA



OUTRA DAS NOSAS PROFESORAS ERA MARÍA LUISA RONDA. DABA UNHA DAS MATERIAS "MARIAS"



E VN CAPÍTULO MENOS QUE MEMORIZAR!




PORQUE MESMO
DESEFRUTANDO
DO ESTUDO,



BOTABA EN FALTA
DIVERTIRME, PIR,
XOGAR...



ESTAS NON ERAN TA-
REFAS CONTEMPLADAS
NA RUTINA.



TAMPOUCO ESTABA PERMITIDO SER "AMIGA" DE NINGUÉN. DURANTE O ESCASO
TEMPO LIBRE SENTABÁMONOS NOS BANCOS DO CLAUSTRO OU SAÍAMOS AO PATIO



PERO DUN DÍA PARA OUTRO NON PODÍAMOS REPETIR GRUPO.
OBRIGATORIAMENTE HABÍA QUE ROTAR.



AÍNDA ASÍ, CONTRA VENTO E
MAREA, ATOPAMOS AMIZADE
ALÍ DENTRO.

ERAMOS UN GRUPO DE
SEIS, CADA UNHA DUN PUNTO
DA PENÍNSULA.




DESCUBRIMOS QUE PARA
QUE NOS DEIXASEN ESTAR
XUNTAS SÓ TIÑAMOS
QUE CANTAR.

E FORMAMOS
VN CORO.





GRAZAS AO "CORO" SENTÍN ALGO DE
ESPERANZA DESPOIS DAS PRIMEIRAS
SEMANAS ALÍ.



ERA O ÚNICO QUE ME SACABA DA
EXASPERANTE MONOTONÍA QUE
REINABA NO INTERNADO.



NON FACIAMOS GRAN COUSA, PERO
UNHA MIRADA CÔMPlice XA ME
DABA ALEGRIA PARA UNHAS HORAS



E ASÍ FUNME AFACENDO Á
NOVA VIDA, QUE CADA DÍA
PARECÍA MENOS ÁSpera...



ATA QUE DE REPENTE CHEGOU
O INVERNO



ÍA TANTO FRÍO QUE SE FORMABAN CARAMBELOS NAS XANELAS.



PARA LAVAR A CARA HABÍA QUE COLLER AUGA NA ALMOFÍA, PERO A PRESIÓN NON CHEGABA PARA TODAS



POR ISO ALGUNHAS COLLÍAN AUGA A NOITE ANTERIOR



E POLA MAÑÁ AMENCIÁ CONXELADA




AO SAIR DA CAMA PARA O
PRIMEIRO REZO ESPERABAMOS
A QUE A MONXA MARCHASE...




PARA LEVAR A MANTA DA
CAMA CON NÓS MENTRES
DURABAN AS ORACIÓNS



POLA MAÑÁ VOLVÍAN
ACENDER A CALEFACCIÓN



E CANDO TIÑAMOS QUE ESPERAR
NAS FILAS TODAS QUERIAMOS
PARAR FRONTE À REIXA ONDE
SAÍA AIRE QUENTE




FOI UN INVERNO DURÍSIMO



PERO FACIAMOS PIÑA E
ISO AXUDÁBANOS A ESQUECER
O FRÍO POR MOMENTOS


ERAMOS COMO 200 NENAS ALÍ METIDAS ENTRE INTERNAS E EXTERNAS, E A MAIORÍA DELAS ERAN "IMPORTANTES", O QUE SE CHAMABA XENTE ILUSTRE. PARA PERMITIR QUE UNHA MULLER ESTUDASE NESE MOMENTO A SÚA FAMILIA HABÍA DE TER RECURSOS.



PERO AS MELLORES ERAN AS
FAMILIAS DA PROVINCIA



COA SITUACIÓN DE ESCASEZA
CADA PERSOA DEPENDÍA DA SÚA
CARTILLA DE RACIONAMENTO



CON TODO, ESTAS FAMILIAS
QUE SE DEDICABAN AO VIÑO,



ÃS GALLETAS, AOS GARAVANZOS...




ENVIABAN SACOS DO QUE
TIVERAN



ATA CHEGABA CHOURIZO E
QUEIXO DAS FAMILIAS MÁIS
PRÓXIMAS!





MAIS NON SAÍU COMO ESPERABA


PARÉCECHE NORMAL TIRAR O PAN
POLOS AIRES? ESTE
CAMIÑO REQUIRE
DISCIPLINA!




DEIXÁRONME SEN PAN UNHA
SEMANA, PERO NIN ASÍ PASEI
FAME; NON MOITA XENTE TIÑA
ESA SORTE NAQUEL MOMENTO



O MENÚ CONSTABA DE DOUS
PRATOS (QUE ADOITABAN SER
POTAXE, LEGUMES OU PEIXE)



E SOBREMESA. SEMPRE HABÍA
MELÓN E ALGÚNS DÍAS
ESPECIAIS FACÍAN DOCES



ISO SI, O PEIXE ESTABA
NOXENTO. NON HABÍA
TRANSPORTE FRÍO E CHEGABAN
OS CAMIÓNS CHEIRENTOS CO
XEO DERRETIDO



CANDO TOCABA PARA COMER
EU INTERCAMBIÁBAO
SEMPRE CON ALGUNHA QUE
ESTIVERA DISPOSTA



AS CEAS ERAN SOPAS DE ALLO
OU DE PAN, E DÚAS GALLITAS
DE SOBREMESA.



A SOPA DE PAN NON NOS
GUSTABA NADA



E OCORRÊUSENOS TIRAR O PAN SOBRENTE POR RIBA DA TAPIA AO SAÍR
DO COMEDOR PARA COMPROBAR SE SEN SOBROS DEIXABAN DE FACELA



UNHA SEMANA



TRAS OUTRA



PERO NON SERVIV DE NADA...



A SOPA DE PAN FOI CEA
ATA O FIN DOS DÍAS





OUTRO PLAN FALLIDO FOI O
SACRIFICIO PARA CHEMARI



LALI ERA UNHA INTERNA QUE
TIÑA UN MOZO (CHEMARI) CO
QUE QUERÍA CASAR AO SAIR
DO INTERNADO



O TAL CHEMARI ESTUDABA
PARA SER ADVANEIRO



PERO NON HABÍA FORMA DE
QUE O RAPAZ APROBASE



LALI QUERÍA COLABORAR COA
CAUSA



E CANDO CHEMARI TIÑA
EXAMES...



PEDIÁNOS QUE DEIXÁSEMOS
AS GALLETAS DA CEA




COMO SACRIFICIO ESPIRITUAL



ERA COMO UNHA OFRENDA
AOS SANTOS OU Á VIRXE OU
A DEUS...



E TODAS QUEDABAMOS SEN
GALLETAS




CADA NOITE ATA O DÍA DO
EXAME




PERO O CHEMARI NON PASABA
O EXAME NIN CON ESAS


CON ESTAS ANDANZAS O GRUPO "CORAL" QUE FORMAMOS
NO INICIO DO CURSO FOI COLLENDO FORZA E
SENTIMOS VERDADEIRAMENTE A UNIÓN DA AMIZADE

ERAMOS CÔMPlices E CONFIDENTES DAS OCORRENCIAS
QUE ÍAN XURDINDO E ENXEÑÁBAMOS PARA SAÍR DA
MONOTONÍA SEMPRE QUE ERA POSIBLE






UNHA DAS FAZAÑAS MÁIS
IRREVERENTES FOI O
NOMEAMENTO DA CUADRILLA



CUBRIMOS TODOS OS CADERNOS,
LIBROS, PUPITRES COAS INICIAIS
DO NOSO CLAN: N.S.



AS IRMÁS CONFIABAN EN
QUE AS SEIS COMPARTIAMOS UN
AMOR CELESTIAL POLO CANTO




E ATRIBUÍAN ESAS INICIAIS A
"NÓS SEIS"




CANDO O QUE ESCONDÍAMOS DETRÁS DESAS LETRAS ERA UNHA
SUBLEVACIÓN SECRETA: NON SERVÍAM! A FRASE QUE
PRONUNCIOU LUCIFER PARA REXEITAR SERVIR A DEUS NO REINO
CELESTIAL


CANDO CHEGARON AS VACACIÓNS DE NADAL SENTIMOS PENA POR
DESPEDIRMONOS



PERO MOITA LECICIA DE SABER QUE VIVIRIAMOS LIBRES DÚAS
SEMANAS



ABUR!





PERO PASARON RAPIDÍSIMO



AS ÚLTIMAS NOITES NA CASA
SAÍA AO BALCÓN EN CAMISÓN



E RESPIRABA PROFUNDÍSIMO
INTENTANDO COLLER UNHA GRIPE



PERO NADA: O DÍA DE VOLVER
A VALLADOLID ERA INAMOVIBLE



E NINGUÉN PODÍA ADIAR A
ENTRADA NO CONVENTO



COLLIAMOS O TREN XUNTAS
E, POLO MENOS,
AMENIZABAMOS A VIAXE

O TREN FUNCIONABA QUEIMANDO
CARBÓN E DURANTE AS DOCE HORAS
DE VIAXE A FELUXE ENTRABA POR
TODAS AS FENDAS E DEIXÁBANOS
PERDIDAS




CANDO, POR FIN, CHEGABAMOS AO CONVENTO, O PRIMEIRO
QUE FACÍAMOS ERA ESPIOLLARNOS




HABÍA PIOLLOS E PULGAS
POR TODAS PARTES E,
ENTRE OUTRAS COUSAS,
POR ISO O SOMBREIRO ERA
TAN POPULAR

CANDO O FRÍO DEU TREGUA COMEZAMOS A VISITAR A IGREXA DA
MAGDALENA PARA REZARLLE AO SANTÍSIMO.
CON SORTE COINCIDIAMOS COS INTERNOS DO MASCULINO.
NON PODIAMOS VELOS, CLARO, PERO OS ESCOITÁBAMOLOS
FACER OS EXERCICIOS ESPIRITUAIS E PASABÁMOLO XENIAL



A IGREJA TIÑA DÚAS ZONAS SEPARADAS QUE COMUNICABAN POR UNHA XANELIÑA NA QUE COMUNGABAMOS



POR ELA
ESCOITABAMOS OS
CANTOS DOS MOZOS





O OUTRO CONTACTO QUE TIÑAMOS
CO MUNDO MASCULINO ERA AÍND
MÁIS EXTRAORDINARIO



ACONTECÍA CANDO VIÑA COIDAR
A HORTA O XARDINEIRO



IA CUNHA CARRETILLA E
VIÁMOLO DESDE A XANELA



A PRIMEIRA QUE O VÍA DABA
O AVISO



E CORRIAMOS A VOZ CON
EMOCIÓN CONTIDA



TAN PRONTO REMATABA A
CLASE CORRIAMOS AO CRISTAL
PARA MIRALO



EU GARDABA DENTRO
DAS MIÑAS LUVAS UN
CIGARRO

E MESMO SEN FRÍO
POÑÍA AS LUVAS

ASÍ, AO SACALAS
CHEIRÁBAME A MAN
A HOME, OU ISO
PENSABA EU


PASABA O DÍA
COA MAN NO
NARIZ

PORQUE ESE CHEIRO
ERA EN REALIDADE O
CHEIRO DO MEU PAI

E BOTÁBAO DE MENOS



OS DOMINGOS SEMPRE LLE
ESCRIBÍA



ERA O ÚNICO DÍA QUE SAÍA
DA RUTINA, PERO ESTABA
IGUALMENTE REGRADO



POLA MAÑÁ ERA OBRIGATORIO
"ESCRIBIR" A CASA

AS AMIZADES
SON UNHA
DISTRACCIÓN




AS CARTAS SÓ PODÍAN IR
DESTINADAS AOS NÓSOS PAIS




E AS MONXAS LÍAN TODAS
ANTES DE ENVIALAS, ASÍ QUE
MOITO NON PODÍAMOS CONTAR



A MÁIS MÍNIMA CRÍTICA AO
RÊXIME E A CARTA NUNCA
CHEGABA




AS TARDES DE DOMINGO XA ERAN OUTRA COUSA. CELEBRABAMOS ASAMBLEAS ONDE SE COMENTABAN AS NOTAS DE CADA UNHA DE NÓS, E SE ADMITÍAN RÉPLICAS!




ERA A ÚNICA OCASIÓN NA QUE ESTABA PERMITIDO ESTAR EN
DESACORDO. ABRIR A BOCA ERA INSÓLITO. PASABAMOS ALÍ A
TARDE ENTEIRA



NOVTRAS DATAS ESPECIAIS NON HABÍA NIN RASTRO DE DIVERSIÓN. CANDO CHEGOU A ANSIADA SEMANA SANTA SOUBEN QUE NON HABÍA VACACIÓNS E O ÚNICO "GVAI" ERA O UNIFORME



A DIARIO VESTIAMOS TOTALMENTE DE NEGRO



SÓ NOS DÍAS EXTRAORDINARIOS POÑIAMOS UNHA BANDA AZUL




ERA TODO UN EVENTO...



E ISO PARA PASAR SETE DÍAS EN PLENO SILENCIO



ESCOITAMOS SERMÕES SOBRE A PAIXÕN



SOBRE A RESURRECCIÓN



SOBRE O ESPÍRITO SANTO



SOBRE O PECADO




SOBRE O PERDÕN



SOBRE A PENITENCIA




E REZAMOS TODO O QUE SE PODÍA REZAR



EU TIÑA UN PEQUENO DIARIO
SECRETO E ESA SEMANA ESCRIBÍN



O único divertido do
día foron os ruidos que
metían os zapatos de
Marisè.



QUE VIDA!



NON PUIDEN NIN DESFRUTAR
DA VISITA DOS MEUS PAIS




CANDO VIÑERON SÓ NOS VIMOS
A TRAVÉS DUN FOSO



E CANDO PENSABA QUE POR
FIN REMATABA A "FESTA"...



DOMINGO DE RAMOS!!



PERO ESE SI QUE FOI UN BO DÍA!
XUNTÁMONOS TODOS OS COLEXIOS NA
PRAZA DA CATEDRAL E AXITAMOS
OS RAMOS E CANTAMOS DURANTE HORAS



A PARTIR DE ENTÓN HOUBO MÁIS DÍAS SOLEMNES...



E SAÍMOS DE PASEO!





AO VOLVER AO
INTERNADO CHAMÁRONNOS
AO DESPACHO DA PREFECTA



ISTO É UNHA FALTA DE
RESPECTO! É UNHA TRAIZÓN
E UNHA DESLEALDADE!


DECATÁRANSE DE QUE
SAIRAMOS Á RÚA SEN O
UNIFORME



SUFRIMOS UNHA SERIA
REPRIMENDA



E OUTRA VEZ ME BAIXARON
AS NOTAS DO COLEXIO




CANDO CHEGOU O VERÁN DEU
FROITOS UNHA AMENDOEIRA
QUE HABÍA ONDE PASABAMOS
O RECREO

COLLER UNHA AMÊNDOA ERA
COMO ROUBAR A XOIA DA COROA,
E CONVERTEUSE NA NOSA
ACTIVIDADE FAVORITA



NO FONDO DO PATIO HABÍA UNHA
CASIÑA QUE CHAMABAMOS "A DO
CAPITÁN" QUE NOS ENCANTABA,
E AO LADO ESTABA A ÁRBORE


A CASA TIÑA UNHA PORTA
XIGANTE



ENTRE TRES CORRIAMOS A
PORTA



METIAMOS AS AMÊNDOAS NO
COUZÓN



E AS ESMAGABAMOS PECHANDO
A PORTA



SAÍAN MACHUCADIÑAS PERO
SABÍAN A GLORIA E LIBERDADE



CANDO A INSPECTORA FACÍA A ROLDA, NÓS XA TIÑAMOS AS
AMÊNDOAS NA BARRIGA E CANTABAMOS ALEGREMENTE Á SOMBRA
PARA NON LEVANTAR SOSPEITAS

CANDO DEIXAMOS A ÁRBORE SEN AMÊNDOAS E O
REPERTÓRIO DO "CORO" ESGOTADO, POR FIN REMATOU
O CURSO.



E ASÍ FOI O PRIMEIRO ANO
DE CATRO QUE PASEI INTERNA.

ANOS DE ENCERRO
E ESTUDO RELIXIOSO.

PERO NON CONSEGUÍN FACERME DEVOTA.
NIN SUMISA.
NIN OBEDIENTE!





VALLADOLID, 1947

EDITA :
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA
AVDA. PORTO DA CORUÑA, 2
15003 A CORUÑA

DEPÓSITO LEGAL: C 1989-2021
ISBN: 978-84-9812-390-6

IMPRESA PROVINCIAL
A CORUÑA, 2021



"NÓS SEIS" RELATA EN FORMA DE NOVELA GRÁFICA A REBELDÍA SECRETA DE SEIS NENAS QUE, NUN INTERNADO CATÓLICO DA ESPAÑA DE POSGUERRA, EXPLORAN CALQUERA VÍA DE ESCAPE PARA ELUDIR O RÉXIME ALIENANTE E REPRESIVO QUE REXÍA A VIDA NO CONVENTO.

XVI PREMIO CASTELAO DE BANDA DESEÑADA



Deputación
DA CORUÑA